

Maruxa e Luis Seoane  
Buenos Aires

Amigos benqueridos:

Sin ningunha vosa á que me referir (tamén eu séi botar as miñas contas), diréivos que conozo o informe que vos mandóu Isaac verbo da xuntanza informal dos membros do Padroado ou Consello da Fundación do Museo Maside, que tivo lugar no Castro o 28 do mes pasado, seguida dun xantar en Sada nesa maravilla "modern styl" que é a Terraza. Non puideron asistir. E sentíno ben de veras. Unha febrícula guindóu connigo no leito. Que si nesta ocasión non foi da dór, fóino sí do amolamento. Logo do xantar viñéronme ver á casa o Domingo e máilo Ramón. Viñan moi ledos. A cordial e vella amizade duns homes encanecidos nun mesmo ideal e patriótico quefacer, xunguíaos a todos. E todos lamentaban a vosa ausencia, adicábanvos garimosas lembranzas, e tiñan saudade vosa. Tendes razón: a amizade é unha das poucas cousas que pagan a pena.

O pleito do noso amigo -¡oh! o pleito do noso amigo-camiña cara o fin. O xuez está pra decir a súa definitiva palabra. Entramentras . . . Pepito, nunha clínica cunha embolia cerebral. Federico, máis que nunca pechado herméticamente no seu mundo silencioso. E Isaac, vagando incansable por rexións oníricas entre sombras delirantes. E atrás deles iremos nós, os abogados. O pleito do noso amigo, nono dudedes, poñerá a proba o equilibrio psicosomático de toda a nómina que figura no "dramatis personae" desta comedia. Que, si por veces parece bufa, outras -as máis- semella coller os vós grandiosos da traxedia, con coros ululantes e destino insoslaible.

A trancas e barrancas, as cousas van indo. Parece que agora que sí, semella que agora que non. E, coma sempre, a esperanza sigue pendurada dun péndulo que vai e ven sin acougo. E tamén sin o dispositivo argallado por Poe no seu poema ao corvo. Ninguén sabe nada. A falla dunha información serea, directa e ordeada, inzanse os xornáis de seccións semicríticas-semidiotas nas que se ameaza con extramuros, chiscanse os ollos con minutas de ceas, barrúntanse tormentas en vasos de whisky, ou profetízanse datas trascendentáis. Como si se tratar de pasálo tempo xogando ás adiviñanzas ou emitindo partes metereolóxicos. E a Magdalena non vos está pra moitos tafetáns. Con todo é de agardar -¡a esperanza, sempre a esperanza!- que volvádes algún día xubilosos e non xubiladosá vosa Terra. A unha terra acolledora, nai e señora, no verso do poeta.

Séi pola "Voz" que Xermán Quiroga, o voso cónsul, está pra nos deixar. Non estóu enterado si pensan facerlle algún homenaxe de despedida. Si llo fixeran, sumaríame. Cordial, cortés e delicado, penso que sería merecente dél.

E fica xa un chisquiño de papel, o xusto pra vos enviar nós os tres cinguidas apertadas a vós os dous.

Domingo